




“Coñéceas” é unha actividade en directo que ten como principal obxectivo dar visibilidade ás científicas que investigan en cancro, dunha forma dinámica e interactiva. O obxectivo é que as alumnas e alumnos descubran ás “mulleres detrás da bata”: como son, como empezaron, como orientaron a súa carreira, e como chegaron a ser grandes investigadoras punteiras nos seus campos. A través desta acción queremos animar ao alumnado, e en particular, ás nenas e novas, a que se interesen por a Ciencia, precisamente coa oportunidade de falar e preguntar directamente a estas ‘detectives do cancro’

Aurora Gómez-Durán

Fun ao colexio público da Estrada e realicei a miña formación secundaria no colexio Manuel Peleteiro (Santiago de Compostela). Licenciada en Farmacia pola USC. Percorrín moitos km científicos: Erasmus de investigación en Amberes (Bélxica),

Mestrado na Universidade de Granada, tese doutoral na Universidade de Zaragoza e etapa post-doutoral na Universidade de Newcastle e Cambridge. En 2020 empecei a miña etapa de investigación en solitario no Centro de Investigacións Biolóxicas *Margarita Salas* para o estudo de xenómica funcional mitocondrial. A miña investigación ten como obxectivo comprender o papel das mitocondrias (ADNmt) no metabolismo e a sinalización celular na saúde e a enfermidade. Durante a miña carreira, tiven unha formación multidisciplinar que vai desde a xenética ata a aplicación de enfoques multiómica en bioloxía celular e cohortes poboacionais, entre elas o cancro.





8 DE FEBREIRO 10-11:30

1º BAC CULTURA CIENTÍFICA



Aurora Gómez-Durán



Detective do xenoma materno

ADNmitocondrial